



(F_TPS_15)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA,
TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	PUBLICACIÓN		
		Boletín	Nº	Fecha
18/11/2004	Pleno Corporación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	BOP	299	31/12/2007
17/12/2008	Pleno Corporación	BOP	294	23/12/2008
03/11/2009	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2009
04/11/2010	Pleno Corporación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	BOP	297	29/12/2011
27/07/2012	Pleno Corporación	BOP	179	04/08/2012
28/10/2013	Pleno Corporación	BOP	295	26/12/2013
26/10/2015	Pleno Corporación	BOP	294	23/12/2015
11/10/2016	Pleno Corporación	BOP	290	20/12/2016
18/12/2017	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2017
29/04/2019	Pleno Corporación	BOP	147	28/06/2019
28/10/2019	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2019

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ soporte@monfortedelemos.es 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO	3
ARTIGO -4- RESPONSABLES	3
ARTIGO -5- EXENCIÓNS	4
ARTIGO -6- COTA TRIBUTARIA	4
ARTIGO -7- DEVINDICACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO	5
ARTIGO -8- NORMAS DE XESTION	5
DISPOSICIÓN ADICIONAL	6
DISPOSICIÓN FINAL	6

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

De acordo co establecido nos artigos 57 e 20.4 letra s) do R.D. lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal e demais disposicións legais reguladoras de residuos, o Concello de Monforte establece a Taxa por recollida e tratamento e eliminación de lixo.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria da recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamento e locais de establecementos onde se exercesen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

Este servizo, que ten a consideración de esencial para a vida social dos cidadáns, é de carácter xeral e de recepción e uso obrigatorio, para calquera vivenda, local ou/ e establecemento que estea situado nos sitios onde se preste efectivamente o servizo, así que a non utilización do servizo non exime a obriga de contribuír. Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo.

2. A tal efecto considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación, o detritus procedentes da limpeza normal de locais vivendas, e exclúe de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de medidas especiais hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Cando un ben inmueble se destine conxuntamente a vivenda e ao exercicio dunha actividade económica, a taxa xeráse e existe a obriga de contribuír conforme aos dous feitos impoñibles de forma separada aínda cando se refiran ao mesmo obrigado tributario, ao gravarse a prestación dun servizo que se orixina por dous supostos diferenciados: o uso do inmueble como vivenda habitual e o desempeño dunha actividade económica, agás, que se trate dunha actividade profesional que non se exerza nun local diferenciado. Neste caso tributarase pola cota de actividade profesional.

Aos efectos de disposto nesta ordenanza, considerase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou do persoal empregado dende dende a vía pública.

ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO -4- RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria. A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, se dite o correspondente acto administrativo, nos termos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO -5- EXENCIONES

Estarán exentos desta taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta derradeira exención, o interesado debera solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condición que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello. Esta exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias sociais persoais que a motivaron

ARTIGO -6- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRIPCIÓN	Importe €/ bimestre
Vivendas	
Zona Urbana	12,87 €
Zona Rural	6,45 €
Actividades	
Locais sen actividade	12,87 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677	
Ata 20 m ²	30,03 €
De 21 m ² a 100 m ²	45,06 €
De 101 m ² a 200 m ²	60,08 €
De 201 m ² a 400 m ²	90,11 €
De 401 m ² a 1000 m ²	135,16 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	75,08 €
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969	
Ata 100 m ²	46,34 €
De 101 m ² a 200 m ²	69,52 €
De 201 m ² a 400 m ²	115,86 €
De 401 m ² a 1000 m ²	162,21 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	92,69 €
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662	
Ata 20 m ²	36,04 €
De 21 m ² a 100 m ²	54,06 €
De 101 m ² a 200 m ²	72,09 €
De 201 m ² a 400 m ²	108,13 €
De 401 m ² a 1000 m ²	162,20 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	90,11 €
Hoteles, Moteles, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951	
Con servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m ²	19,83 €
De 101 m ² a 200 m ²	29,74 €
De 201 m ² a 400 m ²	49,56 €
De 401 m ² a 1000 m ²	69,38 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	39,64 €
Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m ²	18,02 €
De 101 m ² a 200 m ²	27,03 €
De 201 m ² a 400 m ²	45,06 €
De 401 m ² a 1000 m ²	63,07 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	36,04 €
Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699	
Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436	
Ata 20 m ²	24,03 €
De 21 m ² a 100 m ²	36,04 €
De 101 m ² a 200 m ²	48,05 €
De 201 m ² a 400 m ²	72,09 €
De 401 m ² a 1000 m ²	108,13 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	60,08 €
Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e	

financeiras e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179

Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76

División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999

Ata 20 m ²	17,15 €
De 21 m ² a 100 m ²	25,72 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,30 €
De 201 m ² a 400 m ²	51,45 €
De 401 m ² a 1000 m ²	77,17 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	42,87 €

Outras actividades non tarifadas expresamente

Ata 20 m ²	17,15 €
De 21 m ² a 100 m ²	25,72 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,30 €
De 201 m ² a 400 m ²	51,45 €
De 401 m ² a 1000 m ²	77,17 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	42,87 €

Profesionais e artistas

Sección 2ª e 3ª

Profesionais e artistas	15,43 €
-------------------------	---------

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

ARTIGO -7- DEVINDICACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO

A Taxa devíndicase e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicia a prestación do servizo, que tendo en conta a natureza do servizo de recepción obrigatoria, será cando o servizo municipal de recollida estea establecido e en funcionamento.

O período impositivo coincidirá co bimestre natural, e a el referiranse as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 6 desta ordenanza..

No bimestre no que se produza unha alta esixirase a cota que corresponda dende o primeiro día do bimestre correspondente ata o último día do bimestre, ambos inclusive.

No bimestre no que se produza a baixa esixirase a cota que corresponda dende o primeiro día do bimestre ata o último día do bimestre, ambos inclusive.

O Concello poderá optar polo cobro anual dos recibos correspondentes aos inmóveis que non estean suxeitos á taxa de abastecemento e/ou sumidoiros e depuración de augas residuais.

ARTIGO -8- NORMAS DE XESTION

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data no que se deveña por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula e presentarán, a tal efecto, a declaración de alta, establecida no modelo anexo. Ase mesmo deberá presentarse no mesmo prazo as declaracións de modificación e baixa. (establecida no modelo anexo)

As modificacións producidas no censo de obrigados tributarios respecto dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Actividades Económicas exentos ou na Matrícula do imposto respecto dos non exentos, con efectos na taxa de recollida e tratamento e eliminación de lixo, darán lugar á correspondente modificación no censo do lixo do bimestre seguinte no que se produce a modificación.

A estes efectos os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello as correspondentes declaracións de alta, modificación e baixa no IAE. (establecidas no modelo anexo)

As modificacións producidas no censo do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana con efectos na taxa de recollida e tratamento e eliminación de lixo, darán lugar á correspondente modificación no censo do lixo no bimestre seguinte da data dos efectos da alteración no IBI.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008, definitivamente polo Pleno do día 17 de decembro de 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 23 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 3 de novembro de 2009 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2009.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010 novembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 27 de xullo de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 179 do día 4 de agosto de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 28 de outubro de 2013 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 295 de 26 decembro de 2013.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 11 de outubro de 2016, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 290 de 20 decembro de 2016

Modificada provisionalmente polo Pleno de 23 de outubro de 2017, definitivamente polo Pleno de 18 de decembro de 2017 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 de 23 decembro de 2017

Modificada provisionalmente polo Pleno de 29 de abril de 2019, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 147 de 28 xuño de 2019.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 28.10.2019, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 de 23.12.2019

Monforte de Lemos, xaneiro 2018



O Alcalde, José Tomé Roca